

A bomba da felicidade

O Leoncio ten dúas manías: os discursos e os inventos. Sobre todo os inventos. Ata o de agora leva inventado un idioma para falar cos paxaros e as formigas e que se chama o "papapío", un canón que dispara caramelos, unha alfombra voadora e non sei que máis. Pero o domingo pasado, ao saír da misa, anunciou o seu último invento: a bomba da felicidade.

— Que será iso da bomba da felicidade? — preguntábase a xente.

Pois segundo o Leoncio, a bomba inventouna unha noite que durmiu nun portal pasando moito frío. Para botala terase que subir nun paxaro e voar un quilómetro ceo arriba. Cando suba ben alto, tenlle que decir ao paxaro en idioma papapío:

— “Paspallís pío pian pian” — que quere decir: “prepárate que imos botar a bomba”.

Entón o paxaro respóndelle:

— “Raspapín pau” — que quere decir: “estou preparado”.

Cando diga isto, o Leoncio abre a man dereita e deixa caer a bomba que é moi pequeniña.

No lugar onde estoupa, aparecen de repente vinte bandas de música tocando alboradas, pasodobles, muiñeiras e demais. Chove roscos, rosquiñas e globos de cores. E, por se fora pouco, o ceo ponse todo azul e o sol non queima. E a xente sinte unha gran felicidade.

A galiña azul. Carlos Casares

1. Suliña de cor verde tres inventos de Leoncio e de azul a última cousa que inventou.

2. Escribe V ou F

- O último invento pensouno unha noite de verán mirando as estrelas.
- A xente enterouse dese invento ao chegar á casa do traballo.
- Na tarefa de botar a bomba, Leoncio foi axudado por unha ave.
- Era unha bomba inmensa da que salan músicos, rosquiñas.
- Nun principio a xente do lugar estaba perplexa.

3. Que consecuencias tivo a bomba?
